

# THE NEON DEMON

[Nicolas Winding Refn, 2016]

# 249

ESTREA EN NUMAX: 20.06.2017 | V.O.S.E. | +18

*The Neon Demon* (2016, 117')

**Dirección:** Nicolas Winding Refn

**Guión:** Nicolas Winding Refn, Mary Laws, Polly Stenham

**Elenco:** Elle Fanning, Jena Malone, Keanu Reeves, Christina Hendricks, Bella Heathcote, Abbey Lee, Karl Glusman, Desmond Harrington

**Son:** Eddie Simonsen

**Montaxe:** Matthew Newman

**Dirección de arte:** Austin Gorg

**Vestuario:** Erin Benach

**Fotografía:** Natasha Braier

**Música:** Cliff Martinez

**Produtoras:** Gaumont Film Company (Francia), Space Rocket Nation (Dinamarca), Bold Films, Vendian Entertainment (Estados Unidos)

**Distribuidora:** Surtsey Films

**Formato de proxección:** DCP2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Cannes 2016 (Sección oficial, mellor compositor —Cliff Martinez—), Sitges 2016 (Premio da Crítica)

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Solo Dios perdona*, 2013

*Drive*, 2011

*Valhalla Rising*, 2009

*Bronson*, 2008

*Fear X*, 2007

*Fuera de sí*, 1999

*Pusher: Un paseo por el abismo*, 1996

## SINOPSE

Jesse é unha moza que chega a Los Angeles, California, para facer o seu soño realidade: converterse en supermodelo. Mais a súa xuventude e beleza espertará ao demo, e verase atrapada nun perigoso mundo de envexas e celos no que as modelos están dispostas a todo para triunfar.

«Espectacular, brutal e deliciosa, o filme é unha proba máis da mestría da estética de Refn»

Jessica Kiang, THE PLAYLIST



## “Tentei facer un filme desde o futuro”

Conversa entre James Franco e Nicolas Winding Refn

**Os teus pais eran cineastas. Cántame algo diso. Teño escoitado tamén que na primeira cita coa túa muller fostes ver *La matanza de Texas* (Tobe Hopper, 1974). O que realmente quero saber é como empezaches a facer filmes e cal foi a túa formación.**

Como comezou todo? Supoño que coa televisión. Mudeime a Nova York cando tiña oito anos, en 1978 e crieime en Manhattan. Non sabía unha palabra de inglés e ademais tiña dislexia, así que pasaron moitos anos até que puiden ler con sultura. Mais o que me apaixonaba, máis aló dos enormes edificios, era a televisión. A idea de ter múltiples canles que amosaban a un tempo cousas moi distintas. Era como unha caste de calidoscopio de imaxes.

Comecei a obsesionarme coa idea de pantalla, e en concreto de poder controlar as súas imaxes. A miña nai e o meu padrastro eran cineastas e por suposto tiñan unha saudábel mentalidade escandinava. A miña nai estaba moi obsesionada coa *Nouvelle Vague* francesa, esa era a súa xeración. Tiña na casa fotos de Miles Davis e ese tipo de xente, daquela, como revelar-me? As dúas cousas que ela realmente detestaba eran a

violencia da sociedade de consumo e Ronald Reagen. Así que adivina o que adorei na miña infancia.

### Os filmes de medo dos 70 e 80?

Aos 12 ou 13 anos comecei a ir ao cinema só. Con 14 vin *La matanza de Texas* nun sitio chamado Cinema Village, que era unha caste de anticristo para a xente con bo gusto.

**Vaiamos agora a *The Neon Demon*. Traballei contigo antes de *Solo Dios perdona* (2013) así que pode que vexa o teu traballo a través da óptica desa experiencia. Vexo que falas arreo do silencio no cinema e de imaxes que sexan quen de contar unha historia co mesmo poderío cás palabras, e sinto que estás a explorar vieiros diferentes aos dos teus filmes anteriores.** Sinto unha certa presión na xente que tenta entender a miña filosofía do menos é máis e a nada é todo. Mais teño que continuar. Detesto ser controlado, definido, categorizado. Unha parte desta indefinición é o meu interese cara á ambigüidade sexual, que xa tratei en *Bronson* (2009). A idea de como sería sentirse muller. Hai pouco alguén dixo algo moi interesante que non entendín no seu momento. Con *Drive* pódese dicir que cheguei ao máis alto do meu interese cara ao público masculino. Porén, *Solo Dios perdona* destrúe esa posíbel lectura entre outras cousas porque trata o tema da impotencia. A disfunción sexual por causa da nai que é tamén unha idea complexa. A idea de Ryan cortando o cordón umbilical coa nai está na xénese

da moza de 16 anos de *The Neon Demon*. Era necesario para min saír das miñas propias fantasías e pensar como serían para unha muller fermosa.

**Magnífico. Fálame da aproximación estilística. As imaxes son tan precisas, os ritmos, a maneira de actuar do reparto, os movementos de cámara, os cortes... todo semella moverse cunha orde moi controlada. Nese sentido é un filme moi diferente a outros teus.** Unha das fronteiras que podes traspasar unha e outra vez no cinema é a da estrutura e o ritmo. Son dous compoñentes a través dos que podemos viaxar para acadar novos niveis de significado no lenzo cinematográfico, que nestes momentos se converteu en lenzo dixital. Sempre sentín que viña do futuro, mesmo cando era un neno. Ao chegar a Nova York sentíame como un extraterrestre. A idea de cuestionar o porvir aparece en *The Neon Demon*, onde tentei facer un filme desde o futuro.

A beleza é tan universal que, nun nivel, pode ser algo negativo e superficial, mais tamén é unha das cuestións máis complexas, excitantes e maravillosas. E é algo que nos atinxe a todos. Neste caso quixen facer un filme dentro dun filme que estoupase en pequenos anacos porque iso é o que nos agarda no futuro. Finalmente *The Neon Demon* trata de todo o que me rodea que considero interesante.

Publicado en [www.indiewire.com/](http://www.indiewire.com/)  
Tradución: Xan Gómez Viñas

### NA LIBRARÍA NUMAX

***The Neon Demon*, Nicolas Winding Refn.**  
Surtsey [BluRay / DVD]

***Drive*, Nicolas Winding Refn.**  
Buena Vista Home Entertainment [DVD]

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

